

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 8:10:23

**SAIDA 12824/19**

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 133/2019**

Correo electrónico [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 24 de setembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 24/09/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Concello de Samos, referente aos expedientes administrativos tramitados no Concello, relativos ao Parque Eólico da Serra do Iribio, seus accesos e liñas de evacuación.

O reclamante indicaba que transcorrido o prazo dun mes, o concello non lle proporcionou a información solicitada nin realizou notificación algunha ao solicitante, polo que entende que a súa solicitude desestimouse por silencio administrativo.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 26 de setembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Samos para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de outubro de 2019.

**Terceiro.** Con data 21 de outubro de 2019 Concello de Samos contesta a petición remitindo o informe e copia do expediente instruído.

Neste informe o Concello fai constar que non ditou ningunha resolución denegatoria do acceso á dita información, se ben déuselle acceso por vía electrónica a estes expedientes á Asociación Sociocultural O Iribio da cal é notorio que o interesado é membro, sen que presentaran alegacións.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Samos non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación, por terse interposta en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O ██████ solicitou do Concello de Samos o acceso a unha documentación que debemos considerar como información pública, xa que se trata de obtención de copias dos expedientes administrativos tramitados no Concello, relativos ao Parque Eólico da Serra do Iribio, seus accesos e liñas de evacuación.

O informe do Concello fai constar que non ditou ningunha resolución denegatoria sobre a solicitude de acceso á información presentada e que se lle deu acceso por vía electrónica a estes expedientes á Asociación Sociocultural O Iribio, da cal é notorio que o interesado é membro, sen que presentaran alegacións, polo que se debe entender que aínda que se remitiu copia da documentación solicitada a esta Comisión da Transparencia, non se lle remitiu ao interesado.

Dado que o ██████ solicitou a información a título individual e non na súa condición de membro ou representante de ningunha asociación, debe proporcionárselle a información solicitada.

Constátase que o interesado, no expediente de reclamación desta Comisión da Transparencia RSCTG 107/19, solicitou a obtención de *“copia da Separata do «Proyecto de Parque Eólico Serra do Oribio», no concello de Samos, entregado no Concello a efectos de obtención de autorización urbanística, así como calquera modificación ou documentación complementaria do mesmo, informes xurídicos da Secretaría municipal relativos a este proxecto ou seus modificados, informes técnicos dos Servizos Urbanísticos municipais relativos a este parque eólico e seus modificados, informe xurídico do asesor externo de data de 2/06/2009, así como calquera outro informe xurídico externo relativo a este parque eólico, informe técnico externo de data de 3/06/2009, así como calquera outro informe técnico externo relativo a este parque eólico, convenio de colaboración entre o Concello de Samos e Fergo Galicia Vento SL de data de 5/06/2009, así como calquera outro que se teña asinado desde esa data relativo a este parque eólico, acta da sesión da Xunta de Goberno Local de 3/06/2009 e expediente completo da autorización urbanística do parque eólico”*, documentación que en parte pode ser coincidente coa agora solicitada. De acordo co anterior, débesele remitir a documentación que non lle fose aportada como consecuencia da resolución ditada no expediente RSCTG 107/19.

Por outra banda, non se detectou que o contido da documentación remitida, estea afectado por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, e se o Concello o tivera detectado, deberá con carácter previo á remisión da información ao interesado, de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

O Concello deberá ditar resolución expresa e con expreso ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 24 de setembro de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Samos, de copia dos expedientes administrativos tramitados no Concello, relativos ao Parque Eólico da Serra do Iribio, seus accesos e liñas de evacuación.

**Segundo:** Instar ao Concello de Samos, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Samos, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES	por 76706870F MARIA
FERNANDEZ (R:	DOLORES FERNANDEZ
S6500009C)	(R: S6500009C)
	Fecha: 2019.11.27
	10:32:45 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**